


NÚMERO 20//MAIO 2023

CHÍO

AUTORRETRATO

MODOS
OSCUROS
ON



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGO SEMPRE

Obra de Igancio López

Ignacio López Arias

Técnico superior de gravado e serigrafía e Licenciado en Belas Artes, actualmente compaxina a ocupación de pintor coa de docente no Colexio Fingoi de Lugo, no departamento de artes.

Inicia a súa andaina expositiva e artística en 1994, cunha exposición colectiva internacional en Francia, participa en seminarios, exerce de comisario en diversas iniciativas artísticas e expón de xeito individual en diferentes localizacións.

Con trazos ben diferenciados a súa obra pictórica é portada do número 20 de Chío, ca obra "**Autorretrato**"



PORTADA INTEGRAL





NON É SÓ UN NÚMERO

"A forza está nas diferenzas, non nas similitudes" Stephen Covey

Lonxe de crémonos importantes, o certo é que non resulta sinxelo atopar en **Lugo**, outra publicación dixital de periodicidade mensual, capaz de chegar aos 20 números. E claro, non falamos aquí de cantidade, penso que nos entendemos...

Aí está a nosa forza. O poder do **Chío** que un día decidiu emprender camiño e voar. Parando nas pólas que resultasen máis interesantes ou curiosas, buscando ofrecer unha perspectiva cultural diferente, por mor de ampliar o espectro. Tentando non ser un "produto" senón unha fiestra na que asomarse a ver *como late o día*.

Vinte edicións despois, seguimos a crer na forza do único.
Chío camiñando rumbo a novos horizontes.

SEGUIMOS

JOSÉ CANDO SIXTO

Nunca é doado aceptar un cargo de responsabilidade, menos cando se trata de presidir un proxecto coma este, tan mimado e cunha fin tan clara. Con todo, o camiño faise máis simple se estás rodeado das persoas axeitadas. Teño que asumir esta función que se me encomenda logo de que **Agustín Gallego**, tras poñer en marcha a asociación **Lugo Sempre** xunto ao seu equipo hai un par de anos, tivera que facerse a un lado para deixar paso a outros, que de seguro trataremos de darlle a continuidade e longa vida que merece.

Como premisa fundamental, desexo manter a independencia que naceu como principio cando nos puxemos mans á obra. Desexo resaltar o labor realizado por **Melina López** dirixindo a revista **CHÍO**, que xa vai pola súa vixésima edición, mantendo un deseño impecable con contidos de primeira orde.

Por se houbera algunha dúbida, o noso apelido sairá fortalecido; refírome a "Observatorio Político". En breve, o compañeiro **Luis Villares** será o noso analista de cabeceira e aportará unha visión fresca do que está a acontecer ao redor de nós. Na mesma sección, tamén puxemos en marcha hai uns meses, o que demos en chamar "Altura de Miras", unha serie de comentarios reivindicativos firmados polo anterior presidente, Agustín Gallego. Neste caso, asumo a responsabilidade de continuar con este espazo en forma de editorial.



PRESIDENTE


De feito, xa podemos concretar que estamos a preparar contidos adicados ao Garañón, á ronda leste e ao rural.

Non quero rematar as miñas palabras sen ter unha lembranza a **Marco Muñiz**, quen nos fixo dar os primeiros pasos técnicos da nosa andaina.

Modernista, dinámica, elegante, efectista e profesional e o que co seu traballo, a día de hoxe, está a perpetuar a nosa **Marta de Castro**.

Por suposto, non deixamos de amosarlle o noso agradecemento aos colaboradores habituais de **Lugo Sempre**, que fan da asociación unha alianza entre tradición e progreso: **Xosé Otero Canto, Luisa Velasco, Ángeles Valero, Marisol Bravos, Toño Núñez, Paco Nieto, José Manuel Rus, Juan Pedro Rubio, Elvira Cereijo, Pepe Chousa** e a **Asociación Os 5 Ríos** do Corgo, coa que convivimos en fraternal irmandade.


En definitiva, seguimos aquí, listos para manter a vida, agardamos que longa, de **LugoSempre**.




Dende **Chío**, defendemos o amor polas linguas propias e alleas e recollemos neste pequeno apartado, una selección de obras de (ou sobre) **Fernández del Riego (Vilanova de Lourenzá, 1913 - Vigo, 2010)**, a quen está adicada a celebración do 17 de maio deste 2023.

Francisco Fernández del Riego, un loitador pola idea de Galicia, de Malores Villanueva

Nesta biografía recóllese a vida e a obra de Francisco Fernández del Riego. Nacionalista de corazón e de razón, membro do Partido Galeguista e do Seminario de Estudos Galegos, activista universitario, fundador de Editorial Galaxia, codirector da revista Grial, director da Fundación Penzol, presidente da Real Academia Galega, tradutor, editor e articulista incansable, son algunhas das innumerables facetas de quen se definía como «un optimista radical».



Cartas ao meu amigo. Epistolario mindoniense a Francisco Fernández del Riego. 1949-1961, de Álvaro Cunqueiro Cunqueiro e Fernández del Riego, das terras altas da provincia de Lugo, coñecéronse nos anos de bacharelato, e fixeron xuntos o camiño todo da vida. A Guerra Civil separaríalos temporalmente: Cunqueiro no bando dos chamados nacionais; Del Riego, en Vigo, logo de ser represaliado na universidade. Un Cunqueiro deprimido, recibe as cartas do seu amigo animándoo a seguir e a non afastarse das letras galegas. A profesora Dolores Vilavedra, preparou esta edición, que enmarca a correspondencia no seu contexto, precedido dun limiar do propio Fernández del Riego.



Lourenzá, de Francisco Fernández del Riego

Lourenzá é «unha historia rememorativa» onde Francisco Fernández del Riego conta «o que teño aprendido sobre o pasado da vila na que nacín e me criei. Vivencias dos días alí decorridos. Impresións sobre a paisaxe, o ambiente do lugar. Un algo tamén do que coñecín en localidades veciñas», mentres unha voz amiga «soaba en min: “Di comigo Lourenzá e ollarás como algo rosa e branco se abala sobre a verde terra”»



QUE LLE PEDIRÍAS AO NOVO/A ALCALDE/ ALCALDESA?

Obviar que o vindeiro 28 de maio hai unhas eleccións municipais, non sería de recibo en **Chío**. Revista cultural, pero tamén altofalante do observatorio político que supón a asociación **Lugo Sempre**, baixo a que esta publicación non só nace, senón que segue camiño; por iso e porque, sen dúbida, estamos a falar dun dos "eventos do mes" (se somos esixentes, dos vindeiros catro anos das nosas vidas) tomamos nota nestas páxinas do que certos lucenses lle pedirían a quen vai ocupar a casa de todos: o **Concello de Lugo**.



EMILIO VALADÉ DEL RÍO

Creación de una oficina para la defensa del ciudadano ante la Administración Municipal, dependiente directamente de la Alcaldía.


Atención personal a jubilados en sus relaciones con el Concello.

Dar consistencia a las fiestas de S.Froilán, con números que se vayan repitiendo de año en año.

Firma de un convenio con la USC para el mantenimiento y rediseño de parques y jardines.

Potenciar la celebración del Corpus, teniendo en cuenta, también, su significado histórico en Lugo

Aprovechando peatonalizaciones, dinamizar la vida de los barrios.



EDUARDO OCHOA

Lo que le pido a la próxima Alcaldesa es que tenga una idea global de lo que tiene que ser una ciudad como Lugo. Lo habitual es ir realizando actuaciones urbanísticas, pero sin una visión de conjunto, con lo que intervenciones en un nivel concreto, muchas veces, crean problemas en otro. También es importante no olvidar que una ciudad es el resultado de la suma de sus habitantes y su espacio urbano y, dado que Lugo tiene una media de edad que se aproxima a los 50 años y con tendencia a subir, es por lo tanto importante también tener en cuenta este dato para cualquier futura planificación.



JESSICA FERNÁNDEZ

A la persona que salga elegida el 28 de mayo le pediría coherencia, primero; sinceridad, después. Me gustaría que la persona que salga elegida para gobernar la preciosa ciudad de Lugo, siga pensando en la ciudadanía y sea una persona empática, que se siente a hablar con los vecinos del centro, de la periferia y con los de las parroquias, que se mostrara más cercano a todos nosotros, que nos escuchara. No queríamos un carril bici, ya había uno y no se utilizaba, por algo sería. Queremos que se rehabiliten o se tiren las viviendas abandonadas y se creen más parques infantiles o zonas de ocio, que el ocio en Lugo se limita a tomar algo, ya sea de día o de noche, y queremos que se apueste por la gente joven, que apuesta por este lugar inhóspito e incomunicado con el resto del mundo y aún así apostamos por estar aquí.



JOSÉ BLÁZQUEZ


Indiscutiblemente, cordura e lóxica nas actuacións na cidade, tanto en estruturas como en servizos. Cansados de compromisos sen cumpriren, propostas reais con criterio que estean feitas no prazo exposto. De reloxs quitados, reloxs postos. Non permitir a desatención de locais comerciais ou de vivendas; así como o abandono de proxectos, si ou non necesarios, que hai na cidade. Unha solución ao cuartel de San Fernando, que tantos anos leva deteriorándose. Indemnizar aos prexudicados do Garañón e facer un museo do "Camiño de Santiago" e do "Arde Lvcvs". Poñer en marcha o novo Auditorio.

E un sen fn de cousas como o 'carril bici', a Banda Municipal, controlar as cesións privadas, os servizos 'HORA' e, sobre todo, unha grande reflexión cara un Lugo que deixe de ser unha cidade de paso. Importante: Non fagas nada que non poidas manter.



JUAN CARLOS MARTÍNEZ VALCÁRCEL

Gustaríame pedir ó próximo alcalde ou alcaldesa que saia elixido nas próximas eleccións que tivera en conta á xente da terceira idade nos espazos públicos en aspectos tales como: os aseos en algunha rúa o praza. Recordo cando os había na Praza Maior, por exemplo ou tamén no parque Rosalía de Castro. Así este tipo poboación non se vería na obriga imperiosa de entrar en algún establecemento (alguén seguro que defende que teñan que entrar e consumir pero non me parece moi ético). Tamén gustaríame que contemplara poñer bancos, pero con certa protección da chuvia, vento ou humidade, xa que os invernos son longos de máis para eles. Non son arquitecto pero estou seguro que hai solucións para todo iso, sen danar ou afear os espazos urbanos. Un saúdo.



ANONIMUS

Pídolle que sexa alguén capaz de insuflar e transmitir fachenda pola cidade que vai gobernar. De xeito que nós, os cidadáns e cidadás, sexamos tamén quen de sentirnos orgullosos do lugar que habitamos. Porque, só dese xeito seremos quen de construír entre todos (gobernantes e gobernados) un sitio polo que loitar e acadar logros verdadeiramente importantes: facer da miña cidade o lugar no que querer vivir, procrear e sentirme tan a gusto e que non teña ansia por abandoalo ou mudalo por outro.

Diferente

Sonia Villapol Neurocientífica



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Cales son os teus propósitos na vida?

E cal sería a resposta?

Que as miñas fllas sexan felices, facer un descubrimento científico de relevancia e deixar un legado que inspire.

Unha película?

Gattaca, Bailando con Lobos, Amelie.

Un actor?

Ethan Hawke, Luis Tosar

Unha actriz?

Sandra Bullock, Belén Rueda

Unha canción?

Chea de Vida (Guadi Galego) e a Muiñeira de Chantada

Un libro?

Os dous primeiros, "Tu e a vida" de Karl von Frisch e a "A orixe das Especies" de Charles Darwin.

Un autor?

Centos, maioría de literatura galega, Castelao, Cunqueiro, Manuel Rivas, María Xosé Porteiro, Avendaño, Carlos Reigosa, etc.

Un articulista?

Marica Campo ou Manuel Jabois.

Un político?

Non teño moita admiración por esta profesión.

Un tempo?

Un futuro sempre mellor.

Un taco?

Merda, porque todo o mundo te entende (en galego, portugués, catalán, francés, gaélico, italiano, ou esperanto).

Que lle molesta?

Que a xente se queixe e non faga nada para cambiar

Alguén ou algo despreziable?

Causar dor ao aproveitarse da ignorancia da xente.

XA É PRIMAVERA EN RIBADEO

ANTONIO GREGORIO MONTES *

Hai non tantos anos ten sido célebre o anuncio 'xa é primavera' dunha nomeada cadea de comercios. Un anuncio que se apropiou dun dito común anunciando a chegada da primavera ó frorecer os campos e con eles os espritos. En Ribadeo tamén, xa é primavera. Vese no ánimo das xentes, no florido dos campos, dos parques, pero tamén dos tellados. Alí están os xardíns colgantes ribadenses, que animan a mirar cara arriba todo o ano, pero sobre todo nesta época de cores que alternan co verde e cun Sol que de cando en vez permite que as nubes desparramen as súas gotas para permitir a milagre da vida.



Falo dos tellados, pero máis que ós tellados, o territorio ó que me refiro son as canles que encamiñan as augas cara á baixante, onde se acumulan asemade terras, pó, sementes ou cagadas de paxaros, que en conxunto fan a base vivificante dese xardín do edén que parece colgar e que se estende visible a pouco que poñamos atención. A máis, o territorio esténdese polos altos dos muros das divisorias e por moitos outros saíntes.

Pódese facer un estudo da terraformación nos tellados. O mesmo que as illas que nacen dun volcán van sendo colonizadas pola vida pouco a pouco, as cubertas comezan por ser manchadas e logo colonizadas por liques e musgo, creando o substrato fértil, formando a terra que acubilla primeiro a pequenas plantas, pero nalgún caso a auténticas árbores. Un descoido humano de adecentamento do propio que pasa a ter acubillo e coidado da man da natureza, na procura de recobrar o que é seu do inhóspito da nosa creación.

Dicimos que o ceo e azul e o mar é azul. Mais son diferentes azuis entre si, e dun día, dun momento para outro, os cambios son evidentes. Azuis si, pero cambiados: as verbas quédansenos escasas. É un fenómeno coñecido a escaseza da lingua para algunhas cousas. Na descrición da primavera ocorrenos o mesmo. Grandes escritoras e escritores tiveron nela inspiración, e mesmo nalgúns casos parécenos que as súas verbas superan á vida que florece.

Un paseo sosegado, unha mirada atenta e apreciativa, amósanos que ate as beiras máis humildes poden deixar pequenas as descricións literarias. Remato de dar un paseo así en Ribadeo.



50 ANIVERSARIO

A **Escola de Arte superior de deseño Ramón Falcón** está de aniversario. 50 anos educando para a creación.

O 30 de abril rematou a exposición que no **Vello Cárcere** repasaba o pasado e o presente da escola. Cunha posta en escena fabulosa, digna dos grandes creadores que se xestaron en Lugo desde 1970, ata os nosos días.

Unha mostra que abría coa frase de **Buckminster Fuller** (inventor, arquitecto e deseñador estadounidense, nacido en 1895 e coñecido internacionalmente polas súas creacións tremendamente innovadoras)

" A mellor maneira de predecir o futuro é deseñalo "

e que sería imprescindible, prolongar, manter por máis tempo e facer o posible para que o maior número de lucenses a visitase.



Un itinerario capaz de formular, así é todo, unha idea magnífica: expoñer de xeito coincidente no tempo (aínda que reiteramos, debería ampliarse a simultaneidade) o **pasado** e o **presente** da escola; e noutra localización, o **futuro**.

A mostra a visitar no vello cárcere é complementaria, xa que logo, da que a partires do 14 de abril e ata o 21 de maio, pode verse na **Capela de Santa María**.



Alí, faise patente o bo traballo que a institución educativa ven desempeñando dende a súa creación e na exposición manifestamente, fálase de futuro, de compromiso, de seguir construíndo, de crer no que está por vir.

De xeito que esta é unha cita cultural para non perder.



ROSALÍA DE CASTRO



QUEN FOI?

"Dicen que no hablan las plantas, ni las fuentes,
ni los pájaros, ni el onda con sus rumores, ni con
su brillo los astros,
lo dicen, pero no es cierto, pues siempre cuando
yo paso

de mí murmuran y exclaman:


Ahí va la loca soñando

con la eterna primavera de la vida y de los
campos, y ya bien pronto, bien pronto, tendrá los
cabellos canos, y ve temblando, aterida, que
cubre la escarcha el prado.

-Hay canas en mi cabeza, hay en los prados
escarcha, mas yo prosigo soñando, pobre,
incurable sonámbula con la eterna primavera de
mi vida que se apaga
y la perenne frescura de los campos y las almas,
aunque los unos se agostan y aunque las otras se
abrasan.

Astros y fuentes y flores, no murmuréis de mis
sueños,
sin ellos, ¿cómo admiraros ni cómo vivir sin ellos?"

Xa todos/as sabemos (en maior
ou menor medida) quen foi
Rosalía de Castro e que en Lugo,
o parque máis destacado, leva o
seu nome; tal vez sexa boa
ocasión logo, de achegar a este
recuncho un pouco de poesía*: en
forma de letra e de imaxe.




Parque Rosalía de Castro, en Lugo



A BOCADOS

Propostas culturais que veñen a enriquecer o panorama de **Lugo** e as que é preciso darlle o seu lugar. Como **LucusInVinoVeritas**, un evento vinícola que une o sector co valor patrimonial da cidade (20 de maio)



Cita musical para maio, con propostas independentes do máis top do panorama actual. Na explanada do auditorio Gustavo Freire, o **Facelafest**, na súa sétima edición. Recomendamos.

ACLARANDO QUE É XERUNDIO

Chío avanza ao abeiro da asociación cultural e observatorio político, **Lugo Sempre** (www.lugosempre.com)

En relación aos **contidos** deste **Chío**, é preciso aclarar:

- Ao longo da revista, existen **diferentes ligazóns** que permiten visitar outros sitios webs. Animamos aos lectores/as de **Chío** a darlle ao **click** e descubrir, así, "novos mundos".
- **Antonio Gregorio Montes** é un xubilado inqueda, profesor que profesa gran amor pola terra e o noso particular correspondente ribadense. Aquí, o seu propio **blog**.
- O poema do "Quen foi? titúlase: **"Dicen que no hablan las plantas, ni las fuentes, ni los pájaros"**

No referido as **imaxes**, procede aclarar que son de autoría propia, ou ben cedidas con gusto, polo autor/a ou artista, en certos casos.

Dentro do percorrido polas creacións da Ramón Falcón, especificamos que o autor da obra "As enfermas" (representada en dúas caras unidas por unha sonda) é **Ismael López Fernández** e que a miniatura magnífica, que ilustra este aclarado, é obra de **Iago Méndez**.

Canta faltiña temos de desfrutar máis veces destas (e outras) obras da escola!

Coordina e dirixe Chío:
Melina López.



@lugosempre



[LugoSempre](https://www.facebook.com/LugoSempre)

